Mámoas de Alperiz



A necrópole megalítica das mámoas de Alperíz constaba de nove mámoas. Sete estaban no lugar de monte Fonteiriño pero catro foron arrasadas, e só conservamos tres. Ademais hai outras dúas na Zarra do Canal. Foron destacados lugares de enterramento que comezaron a facerse hai 5 mil anos. O conxunto das mámoas de Alperiz está declarado Ben de Interese Cultural (BIC).



Plano de situación das Mámoas de Alperiz. Fonte: Antonio Presas García.

O ALTAR DO SOL. Chámanlle así porque na pedra orientada ao nacente hai unha concavidade circular que recibe os primeiros raios de sol e especúlase con que puidera ter sido un observatorio solar. Era de grandes dimensións. En conxunto o túmulo debía ter 2,5 metros de altura e 30 m de diámetro.

MÁMOA DO CRUCE Sufriu reduccións polo ensanchamento dos camiños existentes ao sen carón. É moi coñecida polos seus gravados con figuras septentiformes existentes na cara interna no esteo da cabeceira. Atopáronse restos de pinturas.